Begoña González Pedregal (1 para 2)
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 31/03/2022
HASH: 3265120b6ee914446a3916907be718b9

rocio lopez garcia (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 01/04/2022
HASH: d0f8d2cefb00667c1068230e9807753f

# ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2022/3 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria |
| **Data** | 24 de marzo de 2022 |
| **Duración** | Desde as 19:00 ata as 20:00 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | Rocio Lopez Garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | MEERCEDES DENGRA SIXTO | SÍ |
| 76580879X | ROCÍO LÓPEZ GARCÍA | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

| APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 24/02/2022. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 28

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e catro de febreiro do dous mil vinte e dous (24/02/2022), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 36/2022. SOLICITUDE LICENCIA D. MANUEL LÓPEZ ANDÍA. OBRAS ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE VIVENDA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. MANUEL LÓPEZ ANDÍA** con domicilio no lugar de Veiga núm. 1 (Santo Adrao -Lourenzá) con NIF. NÚM.****8931G, con data 10/01/2022, sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RC-56, para a realización dos traballos consistentes en **OBRAS DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE VIVENDA** sita no lugar de Veiga núm. 1, parroquia de Santo Adrao, na parcela con Rerencia Catastral 001602700PJ41A0001WZ. Acompáñase á solicitude un presuposto das obras a realizar.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/03/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural NRT 17 Iglesia San Adriano
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas consistirán en obras de reforma de local interior en planta baixa da vivenda.
- Estas obras pola escasa complexidade non precisan proxecto técnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos setenta e oito euros con vinte e cinco céntimos (278,25) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en nove mil douscentos setenta e cinco euros. (9.275,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 128/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA D. JOSE VEGA NOCEDA. ACONDICIONAMIENTO INTERIOR DE LOCAL.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JOSÉ VEGA NOCEDA** con



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 28

domicilio en San Xusto núm. 6 (Barreiros) con NIF. NÚM.****7730K, con data 04/03/2022, sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RC-3702 para la realización dos traballos consistentes en "ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE LOCAL (ARRANXO DE BAÑOS E COLOCACIÓN DE ILLANTE EN FALSO TEITO) NO LOCAL DESTINADO A BAR" sito en Plaza de Conde Santo núm. 16, parroquia de Santa María, na parcela con Referencia Catastral 7846018PJ3174N00001AF.
Acompáñase á solicitude un presuposto da obra con un pequeno croquis da distribución dos baños.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/03/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano. Ordenanza PEPRI.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Dado que se trata de obras interiores non é necesario informe da Consellería de Cultura.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento dezaseis euros con vinte e cinco céntimos (116,25) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil oitocentos setenta e cinco euros. (3.875,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 332/2020. SOLICITUDE DE LICENCIA URBANÍSTICVA D. JOSÉ ANTONIO SEIVANE GONZÁLEZ PARA REHABLITACIÓN PALLEIRA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JOSÉ ANTONIO SEIVANE GONZÁLEZ,** con NIF. ****7831J , con domicilio no lugar de Castiñeiras Verdes núm. 15 (Santo Tomé -Lourenzá), con data 29/10/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RC-2168, para a realización dos traballos consistentes en **REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADA A PALLEIRA** sita no lugar de Castiñeiras Verdes núm.15, parroquia de Santo Tomé, con Referencia Catastral da edificación 002403900PJ31B0001HE e a da parcela é 27027C010031360000DX e no trazado do Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa .
Acompáñase á solicitude proxecto Básico e de Execución de data Setembro/2021, visado co núm. 2105830.2 o 04/10/2021, redactado polo arquitecto D. Oscar López Alba, colexiado núm. 2576 do COAG.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 28

1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 24/02/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Dado que se trata de obras que afectan á estrutura requírese a promotor a presentación do Proxecto Básico e de execución para rehabilitación das edificacións, o cal redacta o mesmo Arquitecto en data setembro do 2021 para dar cumprimento ás condicións da Consellería de Cultura .
- Consta no expediente a Resolución desfavorable para a realización das obras, emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 9 de febreiro do 2021 e que, posteriormente en marzo do 2021, o Arquitecto Oscar López Alba redacta Modificación da Memoria valorada para rehabilitación de edificación dando cumprimento ás esixencias da Consellería de Cultura, a cal é informada favorablemente, condicionada ao cumprimento das condicións indicadas nos puntos 3.1 y 4 de dita resolución en data 8 de abril de 2021 e que se transcriben literalmente:
*a) Dado que na actualidade as alturas libres de planta baixa e alta son 2,29 e 2,08m. Respectivamente, entendese xustificada a necesidade do aumento da altura dos muros de fachada, porén o incremento deberá ser o mínimo imprescindible. Neste sentido recoméndase incorporar o espazo baixo cuberta á planta alta.*
*b) Non poderán modificarse as pendentes das vertentes da cuberta, que se deberán ser as existentes.*
*c) A tipoloxía e dimensións dos voos dos beirís da cuberta será semellante aos existentes na propia edificación, é dicir, serán as propias lousas, apoiadas directamente sobre o muro, as que voen uns centímetros para formar o beirado ( non se considera axeitada a solución do beiril consistente na prolongación do canto do forxado de formigón, debendo evitarse que a estrutura de formigón quede á vista).*
*d) A nova carpintaría exterior será sinxela, sen ornamentos e preferentemente de madeira nunha cor (aplicándolle un lasur pigmentado ou pintándoa con pintura de acabado mate) de entre as tradicionais existentes na zona( branca, marrón, etc). En todo caso evitarase a colocación de carpintarías de PVC con acabado imitación madeira.*
*e) Os novos canlóns e baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán seccións circulares sen molduras, do aluminio proposto, lacados nunha cor que non destaque sobre a fachada.*
*f) A varanda da terraza terá un acabado mate e unha cor neutra que non destaque, preferentemente cor gris.*
*g) Porén, de aparecer restos arqueolóxicos no transcurso dos traballos, comunicarase de contado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas."*
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 28

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar oitocentos sesenta e un euros con cincuenta céntimos (861,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en vinte e oito mil setecentos euros. (28.700,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 548/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA AUGAS DE GALICIA. ESTACIÓN RED AFORO ÁREA RISCO POTENCIAL SIGNIFICATIVO DE INUNDACIÓN**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por AUGAS DE GALICIA, con CIF. A12024974, entidad adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e na súa representación, D. Gonzalo Mosqueira Martínez, Xerente, con data 20/10/2021, sendo rexistrada co núm. 2021-E-RC-2091 para a realización dos traballos consistentes na IMPLANTACIÓN E POSTA EN MARCHA DE NOVA ESTACIÓN DE REDE DE AFORO EN ÁREA DE RISGO POTENCIAL SIGNIFICATIVO DE INUNDACIÓN DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA COSTA sita na conca do Río Batán, na ponte que salva o leito do río, ao sureste do núcleo urbano, nas seguintes coordenadas:

| Cód. ARPSI | Cód. Tramo | Río | X | Y |
|---|---|---|---|---|
| ES014-LU-18-01-02 | ES014-LU-18-01-02-01 | Batán | 638178 | 4813917 |

Composta por mastro sobre cimentación de formigón, armario de instrumentación e panel solar que irán acorados ó mastro, sonda radar de medida da lámina de auga, escala limnimétrica ancorada á ponte no leito.
Visto que coa solicitude presenta unha Memoria Valorada, de data Setembro/2021, redactada polo Grupo TYPSA, con domicilio en C/Anxo Senra Fernández núm. 25-oficina 1º-Local 3 (15670 Culleredo-A Coruña).
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/03/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección de espazos naturais.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita proxecto técnico.
-Consta no expediente a Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, *Expediente CLAVE*. OH.788.410, de data 18/02/2022, no que se indica que os traballos consisten en: Traballos de implantación das novas estacións; instalación de escalas, acondicionamento da sección de control, de forma que non existan interferencias para as lecturas dos datos e a realización dos aforos directos; toma de datos e aforos directos;



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 28

limpeza exterior dos equipos; estabilización dos leitos; limpeza da vexetación na sección de control e substitución ou reparación de elementos averiados dos equipos de toma de datos e comunicacións.
En dita autorización figuran, literalmente, as seguintes condiciones Particulares:
"*1.- Non se realizará ningunha actuación que supoña unha modificación oudesvío do leito e manterase en todo momento o seu caudal ecolóxico.*
*2.- Respectarase a vexetación arbórea de ribeira, limitándose no seu caso a limpeza ao arbustos, maleza, vexetación herbácea e troncos secos e caldos sobre o leito do río. No caso de ser necesaria a tala de árbores, solicitarase a correspondente autorización.*
*3.- Non se extraerán do río, lodos, area, grava ou pedras.*
*4.- Deixarase en todo caso expedita a zona de servidume para uso público do rego, consistente nunha banda de 5 m. de ancho, medidos a partir do borde ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.*
*5.- Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.*
*6.- Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ao río por escorrentas ou cheas."*
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos doce euros con noventa e un céntimos (212,91) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en sete mil noventa e sete euros con dez céntimos. (7.097,10). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 569/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA D. JOSÉ ANDRADE RODRÍGUEZ. ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE VIVENDA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 28

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JOSÉ ANDRADE RODRÍGUEZ** con domicilio no lugar de A Cazolga núm. 11 (Santa María - Lourenzá) con NIF. NÚM.****7888R, con data 08/11/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 2021-E-RC-2207 (GESTIONA 569/2021), para a realización dos traballos consistentes en **OBRAS DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE VIVENDA** sita no lugar de A Cazolga núm. 11, parroquia de Santa María, na parcela con Referencia Catastral 002201900PJ31H0001KA e na zona de influencia da estrada provincial (LU-2804-A) que une o Pedrón con A Cazolga, p.km. 4,100; marxe esquerda.
Acompáñase á solicitude Memoria Valorada das obras a realizar, de data Novembro/2021, redactada pola Arquitecta técnica, Dª. Angeles Moirón Fernández, Colexiada núm. 621 do COAT.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/03/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural da Cazolga.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas consisten na rehabilitación da cocina, formación dun baño, revestimento e acabado de paramentos, substitución de pavimentos e unidades de carpintería interior, parte proporcional das instalacións de electricidade, fontanería, pinturas e acabados.
- Consta no expediente a declaración responsable do promotor, de data 12/11/2021 por encontrarse a vivenda onde se van a realizar as obras na zona de influencia da estrada LU-2804-A “De Pedrón á Cazolga”, P.Km. 4.100, marxe esquerda.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos setenta e catro euros con setenta e sete céntimos (274,77) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en nove mil cento cincuenta e oito euros con noventa e sete céntimos. (9,158,97). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 572/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA D. JOSÉ ANDRADE RODRÍGUEZ. FORMACIÓN ÁREA PAVIMENTADA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JOSÉ ANDRADE RODRÍGUEZ** con domicilio no lugar de A Cazolga núm.11 (Santa María - Lourenzá) con NIF. NÚM.****7888R, con data 09/11/2021, sendo rexistrada



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 28

de entrada co núm. 2021-E-RC-2216 (GESTIONA 572/2021), para a realización dos traballos consistentes en <u>OBRAS DE FORMACIÓN ÁREA PAVIMENTADA (SOLERA DE FORMIGÓN) DE 72 M2 EXTERIOR VIVENDA</u> sita no lugar de A Cazolga núm. 11, parroquia de Santa María, na parcela con Referencia Catastral 002201900PJ31H0001KA e na zona de influencia da estrada provincial (LU-2804-A) que une o Pedrón con A Cazolga, p.km. 4,100; marxe esquerda e no contorno de protección da Capela de San Pedro/Catalogada.
Acompáñase á solicitude Memoria Valorada das obras a realizar, de data Novembro/2021, redactada pola Arquitecta técnica, Dª. Angeles Moirón Fernández, Colexiada núm. 621 do COAT.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/03/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural da Cazolga.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Estas obras pola súa escasa complexidade, no precisan proxecto técnico.
- As obras solicitadas consisten na formación dunha área pavimentada exterior entre a fachada lateral dereita da vivenda e da parcela colindante, prevista con unha soleira de formigón formada por unha subase de zahorra compactada de 15 cm de espesor sobre a que se colocará unha capa de formigón de 20 cm., armada con un mallazo. El acabado superficial será lavado e a superficie a pavimentar é de 72 m².
- Consta no expediente a Resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 04/02/2022, Expediente 35365, na que se autoriza o solicitado indicándose que a autorización emítese dende o punto de vista de protección do patrimonio cultural, sin prexuizo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outro que fose necesario para a realización das intervencións recollidas nela.
- Consta no expediente a declaración responsable do promotor, de data 12/11/2021 por encontrarse a vivenda onde se van a realizar as obras na zona de influencia da estrada LU-2804-A "De Pedrón á Cazolga", P.Km. 4.100, marxe esquerda.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cincuenta e catro euros (54,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en mil oitocentos euros (1.800,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 28

**Expediente 50/2022. PECHE E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o expediente de Liquidación do Presuposto deste Concello correspondente ó exercicio do 2021 e tendo en conta o informe emitido pola Secretaría -Intervención, en cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI da Lei citada, en materia presupostaria,

Visto a base núm.54 do último presuposto aprobado na que atribúese á Xunta de Goberno Local, a aprobación da Liquidación del Presupuesto municipal, previo informe de la Secretaría- Intervención, e previo Informe de Evaluación del Cumplimiento del Objetivo de Estabilidad Presupuestaria e Informe de Evaluación del Cumplimiento de la Regla de gasto.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar, de conformidade co disposto na Base de Execución núm. 54 do Presuposto, a LIQUIDACIÓN do Presuposto Municipal deste Concello correspondente ó exercicio de 2021, de acordo co seguinte resume de resultados:

| **A)** | **RESULTADO PRESUPOSTARIO** | **EUROS** |
|---|---|---|
| 1 | DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | 2.234.184,05 |
| 2 | OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS | 2.166.271,63 |
| 3 | RESULTADO PRESUPOSTARIO (1-2) | **67.912,42** |
| 4 | DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIAMENTO | 3.055,56 |
| 5 | DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIAMENTO | 8.570,66 |
| 6 | RESULTADO AXUSTES | **-5.515,10** |
| 7 | GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE | 0,00 |
| 8 | RESULTADO DE OPERACIÓNS COMERCIAIS | 0,00 |
| 9 | RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO (3-4+5+6+7) | **62.397,32** |
| **B)** | **REMANENTE DE TESOURERÍA** | |
| **1** | **(+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO** | **707.359,94** |
| | De Presuposto de Ingresos. Exercicio Corrente | 366.358,21 |
| | De Presuposto de Ingresos. Presupostos Pechados | 340.845,51 |
| | Doutras operacións non Presupostarias | 156,22 |
| **2** | **(-)OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO** | **147.760,54** |
| | De Presuposto de gastos. Presuposto Corrente | 85.385,00 |
| | De Presuposto de gastos. Presupostos Pechados | 0,00 |
| | De Outras Operacións non Presupostarias | 62.375,54 |
| **3** | **(-)PARTIDAS PENDENTES APLICACIÓN** | **-216.466,23** |



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 28

| | | |
|---|---|---|
| | (-) Cobros realizados pendentes aplicación definitiva | 216.466,23 |
| | (+)Pagos realizados pendentes aplicación definitiva | 0,00 |
| **4** | **(+) FONDOS LÍQUIDOS EN TESOURERÍA** | **1.480.786,61** |
| **I** | **REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2-3+4)** | **1.823.919,78** |
| **II** | **EXCESO GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO** | 10.415,63 |
| **III** | **SALDOS DE DUBIDOSO COBRO** | 163.956,14 |
| **IV** | **REMAN. TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(I-II-III)** | **1.649.548,01** |

1.A.-CUMPRE co obxectivo de ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, arroxando unha capacidade de financiamento ó peche do exercicio de 94.574,21 Euros.

1.B.- INCUMPRE (aínda que no sexa obrigatorio e soamente a nivel informativo) co obxectivo da REGRA DE GASTO, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de 25.955,01 Euros.

1.C.- CUMPRE co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a 124.440,53 Euros, o que supón un 6,97% dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da última liquidación practicada correspondente ao ano 2020, que ascenden a 1.786.394,50 euros, así como o 6,66% da Recadación Líquida a 31/12/2021 que ascende a 1.867.825,84 euros.

1.D.-O Período Medio de Pago Anual(4º trimestre 2021) que é de 14,91 días e polo tanto ESTÁ DENTRO do establecido.

SEGUNDO.- Desta liquidación darase conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre. En cumprimento do disposto no artigo 193.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o 90.2 do Real Decreto 500/1990 , de 20 de abril.

TERCEIRO.- Achegar copias da presente liquidación á Administración do Estado, a través da plataforma informática da Oficina virtual das Entidades Locais e á Comunidade Autónoma, a través da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CUARTO.- Unha vez que se aprobe polo Pleno do Concello, a Conta Xeral, que deberá obterse no seu momento en base a esta liquidación, enviarase copia da mesma, a efectos da preceptiva fiscalización externa, ó Consello de Contas de Galicia, debendo estar a disposición deste Organismo cantos documentos e xustificantes integran a referida Conta e Liquidación.

**Expediente 155/2022. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA Ó ABEIRO DA ORDE DE 22/02/22 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS GALEGAS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE GATOS CORRENTES DERIVADOS DA REALIZACIÓN DE FESTIVAIS,**



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 28

**FEIRAS, MOSTRAS,CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE CARÁCTER AFECCIONADO E SE CONVOCAN PARA O ANO 2022.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de 25 de febreiro do 2022 *pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais, de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2022(* DOGA. Núm. 47 de 09/03/22), a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU.

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade ó abeiro da Orde de 25 de febreiro de 2022 (DOGA. Núm.47 de 09/03/22) *pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais, de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2022,* unha subvención por importe de CINCO MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO (5.765,00.-)EUROS, o que ven a supoñer o 57,65 % do presuposto total das actividades programadas na Memoria elaborada para a celebración da III FESTA CAMPESIÑA e que ascende a Dez mil (10.000,00) euros, sendo o presuposto, o seguinte:

| CONCEPTO | IMPORTE ( IVE INCLUÍDO)/EUROS |
|---|---|
| Difusión e publicidade | 1.000,00 |
| Cachés grupos e compañías musicais e teatrais | 5.000,00 |
| Trofeos para premios | 300,00 |
| Transporte e manutención grupos | 2.600,00 |
| Alugamento carpa | 500,00 |
| Outros gastos (decoración espazo, montaxes exposicións e stands) | 600,00 |
| ORZAMENTO TOTAL | 10.000,00 |

SEGUNDO.- Comprometerse, no caso de que concedan a subvención, a asumir a achega municipal do 42,35% para dita actividade con cargo á partida presupostaria 330.226 do vixente presuposto de gastos e que importa a cantidade de Catro mil douscentos trinta e cinco (4.235,00) euros. O financiamento sería, polo tanto, o seguinte:



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 28

| III FESTA CAMPESIÑA | | |
|---|---|---|
| Achega Consellería | 57,65% | 5.765,00 |
| Achega Concello | 42,35% | 4.235,00 |
| TOTAL | | 10.000,00 |

TERCEIRO.-Comprometerse a aceptación das condicións e requisitos establecidos na orde ó abeiro da que se solicita a subvención así como a asumir o financiamento do importe da actividade que non resulte subvencionada pola Consellería ó abeiro desta convocatoria.
CUARTO.- Facultar a la Sra. Alcaldesa, Dª Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**PROXECTO DE PLAN CONCERTADO 2022**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Primeiramente informouse , ó igual que nos anos anteriores, do contido do Decreto 99/2012 publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 63 de 30/03/12 e unha vez que á Xunta de Goberno Local tivo coñecemento do contido do mesmo así como das Memorias presentadas pola Traballadora Social nas que se fai referencia ás necesidades e ós gastos que se prevén para o presente exercicio 2022 tanto no que se refire ós servizos de Atención Primaria como ós servizos especializados, en votación ordinaria, e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o su número legal, ACORDOU:
PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Política Social, ó abeiro do Decreto 99/2012 de 16 de marzo (DOG. núm.63 de 30/03/12) as seguintes axudas para os servizos sociais comunitarios para o exercicio 2022:

| PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPALES 2022 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **ACHEGA MUNICIPAL** | **CANTIDADE SOLICITADA XUNTA** | **REMANENTE** | **PRESUPOSTO TOTAL** |
| TRABALLADORA SOCIAL | 11.763,14 | 16.815,00 | 0,00 | 28.578,14 |
| EDUCADORA FAMILIAR | 15.354,80 | 0,00- | 0,00 | 15.354,80 |
| **TOTAL PERSOAL** | **27.117,94** | **16.815,00** | **0,00** | **43.932,94** |
| **MANTEMENTO** | **120,00** | **480,00** | **0,00** | **600,00** |
| AXUDA DOMICILIO | 30.000,00 | 0,00 | 0,00 | 30.000,00 |

**Concello de Lourenzá**
Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 28

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PRESTACIÓN BÁSICA | | | | |
| AXUDA DOMICILIO DEPENDENCIA | 35.000,00 | 153.780,00 | 0.00 | 188.780,00 |
| **TOTAL AXUDA DOMICILIO** | **65.000,00** | **153.780,00** | **0,00** | **218.780,00** |
| CENTRO SOCIAL TORREÓN | 15.500,00 | 0,00 | 0,00 | 15.500,00 |
| CENTRO DE DÍA | 20.000,00 | 0,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| XANTAR NA CASA | 2.500,00 | 0,00 | 0,00 | 2.500,00 |
| PRESTAC.ECONÓMICAS PARA PANDEMIA COVID19 | 41,88 | 0,00 | 208,12 | 250.00 |
| **TOTAL PROGRAMAS** | **38.041,88** | | **208,12** | 38.250,00 |
| **TOTALES PROXECTO** | 130.279,82 | 171.075,00 | 208,12 | 301.562,94 |

SEGUNDO.- Solicitar, en todo caso, á Consellería de Política Social, a prórroga para continuar coa prestación dos servizos nas mesmas condicións que no ano anterior a fin de garantir a non supresión dos programas e a prestación dos servizos sociais ó longo de todo o ano sen interrupcións, segundo o disposto no artigo sexto da Orde citada.
TERCEIRO.- Comprometerse, igualmente e no caso de que se conceda a subvención, ó cumprimento das obrigacións contidas no artigo cincuenta y catro do Decreto 99/2012 xa citado.
CUARTO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura dos documentos e para a realización dos trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 155/2021.RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 14/03/22 ADHESIÓN CONVENIO VESPA VELUTINA 2022.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión en que constitúen o seu número legal ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de 14/03/22 nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 28

que segue:
Visto o contido do Convenio asinado entre a Xunta de Galicia, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións non desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina), sendo as cláusulas do mesmos as que a continuación se transcriben literalmente:
“CLÁUSULAS. Capítulo Primeiro.- Disposicións Xerais.
Primeira.- Obxecto do Convenio. O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2022 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos. Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.
Segunda.- Ámbito de aplicación subxectivo. O presente convenio é de aplicación para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e para a toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades Locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
Terceira.- Adhesión ao convenio. O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral tanto das entidades locais xa adheridas dende o ano 2021 que se relacionan no Anexo I como das novas entidades locais interesadas en adherirse relacionadas no Anexo II coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa Velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e que tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. As entidades locais dos Anexos I e II deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do Anexo III no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.
Cuarta.- Modificación do Convenio. A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Federación Galega de Municipios e Provincias.
Quinta.- Duración do Convenio. O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro do 2022, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.
Sexta.- Resolución do Convenio. O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez. Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.
Capítulo Segundo.-Obrigas de Comunidade Autónoma de Galicia.
Sétima.- Coordinar a execución do programa. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa Velutina.



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 28

Concretamente realizará as seguintes actuacións:
1.- Potenciar o portal de internet “Eido local”(www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas Entidades Locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa Velutina e tendo en conta este medio para a súa relación por medios electrónicos coas Entidades Locais.
2.-Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás Entidades Locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa Velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.
3.-Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa Velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:
a)Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificación de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación httsp://www.controlvelutina.es/ mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración deste e organización para a súa retirada.
b)Eliminación/neutralización de niños activos de avespa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles. Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada de niños tales como as situadas en espazos no que a aplicación de insecticida de niños supoña un risco de explosión, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacias de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.
c)Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán con fin de evitar réplicas de avisos.
<u>Capítulo Terceiro.-Obrigas das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran.</u>
<u>Oitava.- Facilitar a execución do programa.</u> Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as Entidades Locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométense a: a)Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións da retirada de niños de forma que cando aí se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retiradas e eliminación de niños de Vespa Velutina a requirimento da Xunta de Galicia.
b)Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de Galicia.
c) Permitir a coordinación a través do portal de internet “Eido Local” (www.eidolocal.gal).
Capítulo Cuarto.- Obrigas da FEGAMP.
<u>Novena.- Informar para facilitar a execución do programa</u>. Coordinarse coa



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 28

Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vixiancia e control da Vespa Velutina da Xunta de Galicia. Capítulo Quinto.- Seguimento do Convenio.
Décima.- Seguimento da execución do Convenio. Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente e outros dous en representación da FEGAMP. O seguimento da execución do presente convenio comprenderá: a observación da implantación e efectiva aplicación deste; a solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio; a coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio; as propostas de modificación do presente convenio; a elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio. Capítulo Sexto.-Financiamento.
Décimo primeira.-Financiamento. A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños de Vespa Velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice. Capítulo Sétimo.- Resolución de Conflitos.
Décimo segunda.- Natureza do convenio e discrepancias. O presente convenio ten natureza administrativa. En especial, o Convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local(artigos 61 a 71) e ao resto da normativa que resulte aplicable. As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de seguimento prevista na cláusula décimo do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.
Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal. As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que de derroga a Directiva 95/46/CE(Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 28

Décimo cuarta.-Publicidade. As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006 do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Concello de Lourenzá Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 a 45 da Lei 7/2005 do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes das Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Así, esta Alcaldía, coñecido o contido do citado convenio, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade do Concello de LOURENZÁ de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do citado convenio, asumindo as obriga e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

SEGUNDO.- Ratificar este acordo pola Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

TERCEIRO.- Achegar protocolo de Adhesión á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Manda e asina a presente Resolución, a Alcaldesa, en Lourenzá a catorce de marzo do dous mil vinte e dous. Asdo. : Rocío López García. Documento asinado electronicamente en data ó marxe

**Expediente 84/2022. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 04/03/2022APROL RURAL 2022**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU ratificar a Resolución da Alcaldía de 04/03/22 referente a modificación da solicitude de subvención de APROL RURAL/2022, debido á modificación do salario mínimo interprofesional, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

"*Dona ROCIO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente, en virtude da solicitude feita o dia 24/02/2022 ao abeiro da ORDE do 07 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G), publicada no D.O.G. núm. 21 do Martes 01 de Febreiro de 2022 e visto o Artigo 1 do Real Decreto 152/2022 de 22 de febreiro de 2022, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para*



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 28

*2022, VEN A RESOLVER:*
*<u>PRIMEIRO.-</u> Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade, unha modificación da subvención por importe de 28.938,06 €, segundo o Artigo 1 do Real Decreto 152/2022 de 22 de febreiro de 2022, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2022, para o proxecto de servizo denominado "TAREFAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS, LIMPEZA FORESTAL E XESTIÓN DA BIOMASA".*
*<u>SEGUNDO.-</u> Que as retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social, son as da seguinte táboa:*

| NÚMERO TRABALLADORES | GRUPO COTIZACIÓN S. SOCIAL | OCUPACIÓN | CNAE 2009 (4 díxitos) /ou OCUPACIÓN (letra) |
|---|---|---|---|
| 1 | 8 | TRACTORISTA / CONDUCTOR OPERADOR DE MAQUINARIA FORESTAL | 8411(D) |
| 1 | 8 | PEÓN FORESTAL | 8411(D) |

| | CUSTO UNITARIO MENSUAL | | | |
|---|---|---|---|---|
| | SALARIO BRUTO | % COTA PATRONAL S. SOCIAL | COTA PATRONAL S. SOCIAL | TOTAL CUSTO MENSUAL |
| | 1.166,67 | 37,80% | 441,00 | 1.607,67 |
| | 1.166,67 | 37,80% | 441,00 | 1.607,67 |
| TOTAL COSTE EMPRESA | 21.000,06 | | 7.938,00 | 28.938,06 |
| TOTALSUBVENCIONABLE | 21.000,06 | | 7.938,00 | 28.938,06 |

| | CUSTOS TOTAIS | | | |
|---|---|---|---|---|
| | DURACIÓN CONTRATO MESES | INDEMNIZACIÓN FIN CONTRATO | TIPO XORNADA | CUSTOS SALARIAIS TOTAIS |
| | 9 | 350,00 | 100% | 14.819,03 |
| | 9 | 350,00 | 100% | 14.819,03 |
| TOTAL COSTE EMPRESA | | 700,00 | | 29.638,06 |
| TOTALSUBVENCIONABLE | | | | 28.938,06 |

*<u>TERCEIRO.-</u> Que esta entidade acepta expresamente as condicións de*



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 28

*financiación e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras da citada subvención, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionada ao amparo desta convocatoria ata o importe total da execución prevista, que ascende a un total de 29.638,06 €.*
*CUARTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.*
*QUINTO.- Dar conta desta resolución na próxima Xunta de Goberno Local Mándao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta en Lourenzá (Lugo) a catro de Marzo de dous mil vinte e dous."*
*E para que conste expídese a presente certificación de orde co visto e prace da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dª. Rocío López García, en Lourenzá a catro de marzo de dous mil vinte e dous.*

**Expediente 120/2022. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 07/03/22 APROBACIÓN MEMORIA "ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO CASA DA CULTURA."**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 07/03/2022 que se transcribe:
"Dª. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa – Presidenta do Concello de Lourenzá ,no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade oas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e vista a Orde de 17 de xaneiro de 2022 , publicada no D.O.G. núm. 28 de data 10 de febreiro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia , pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión , en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais , para o equipamento e mellora ds instalacións e locais utilizados par a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocotaria para o ano 2022.
VEN A RESOLVER:
PRIMEIRO: Aprobar a memoria xustificativa e valorada para a "ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DESTINADO Á CASA DA CULTURA DO CONCELLO DE LOURENZÁ : BUTACAS E PROXECTOR PARA O SALÓN DE ACTOS E DOUS RADIADORES E UN ORDENADOR PARA A BIBLIOTECA ", ascendendo o seu orzamento total a QUINCE MIL SESENTA E UN EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS ( 15.061, 16 € ) , IVE INCLUIDO.
SEGUNDO .- Solicitar á Consellería de Cultura ,Educación e Universidade da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 31 de maio de 2021 , publicada no D.O.G. núm. 28 de data 10 de febreiro de 2022 , pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión , en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais , para o equipamento e mellora ds instalacións e locais utilizados par a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocotaria para o ano 2022 , unha subvención por importe de trece mil cincocentos cincuenta e cinco euros con catro céntimos ( 13.555,04 € ), IVE



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 28

incluído , para a adquisición de equipamento destinado á Casa da Cultura do Concello de Lourenzá ,co seguinte desglose:
Equipamento para o Salón de Actos
a) BUTACAS

| Unidades | Descrición | Importe (IVE incluido) |
|---|---|---|
| 60 | 30 butacas tapizadas con tela vermella e con pala<br>30 butacas tapizadas con tela vermella sen pala de escritura | 11.543,40 € |

b) PROXECTOR

| Unidades | Descrición | Importe (IVE incluido) |
|---|---|---|
| 1 | proxector | 1.800 € |

Equipamento para a Biblioteca
a) RADIADORES

| Unidades | Descrición | Importe (IVE incluido ) |
|---|---|---|
| 2 | Radiadores eléctricos de 15000 W | 517,76 € |

b) ORDENADOR PORTÁTIL WIFI

| Unidades | Descrición | Importe (IVE incluido) |
|---|---|---|
| 1 | Ordenador portátil | 1.200 € |

| | |
|---|---|
| IMPORTE ORZAMENTO TOTAL (IVE INCLUIDO ) | **15.061,16 €** |

TERCEIRO.- Aceptar as condicións de financiamento e demáis requisitos establecidos na Orde de 17 de xaneiro de 2022.
CUARTO.- Comprometerse ao financiamento do importe da actividade que se non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.
QUINTO.- Ratificar a presente Resolución na próxima Xunta de Goberno Local .
Mandao e asina a Sra. Alcaldesa – Presidente en Lourenzá a sete de marzo de dous mil vintedous .

**Expediente 51/2022. Contratacións.RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA PARTICIPACIÓN PLAN MELLORA CAMIÑOS AGADER E APROBACIÓN PROXECTOS**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 23/02/2022 que se transcribe:
“Visto o contido da Resolución de 29 de decembro de 2021 do Director Xeral de AGADER, da Consellería do Medio Rural, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais 2022-2023, e segundo o cal a este Concello lle correspondería a cantidade de 63.065,00 Euros distribuída en dúas anualidades.
Así, esta Alcaldía, enterada do contido de dita Resolución, en virtude das



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 28

atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente,
VEN EN RESOLVER:

PRIMEIRO.- A participación no citado Plan de Mellora de Camiños Municipais 2022-2023 do Concello de Lourenzá, concretamente cos proxectos denominados:
"MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS EN POUSADA"
"MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS A OURAL"
"MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS A LAVANDEIRA Y A O BATAN-MURIAS".
Para o cales lles corresponde unha subvención por importe de SESENTA E TRES MIL SESENTA E CINCO EUROS (63.065,00.-), dividida en duas anualidades: 15.073 euros para a anualidade do 2022 e 47.992 euros para a anualidade do 2023.

| *PROXECTOS* | *IMPORTE SEN IVE* | *IMPORTE CON IVE* |
|---|---|---|
| MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS EN POUSADA" | 21.717,52 | 26.278,20 |
| *MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS A OURAL"* | *32.580,25* | 39.422,10 |
| *"MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS A LAVANDEIRA Y A O BATAN-MURIAS"* | *8.767,23* | *10.608,35* |

SEGUNDO.- Aprobar os Proxectos seguintes:
1.- "MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS EN POUSADA" de data febreiro/2022 redactado polos Enxeñeiros de Camiños Dª Irene Fernández Prieto e D. José Enrique Cacicedo Herrero, cun presuposto xeral de vinte e un mil setecentos dezasete euros con cincuenta e dous céntimos (21.717,52) (sen IVE) o que se engadirá catro mil cincocentos sesenta euros con sesenta e oito céntimos (4.560,68) de IVE e con un presuposto de execución por contrata de vinte e seis mil douscentos setenta e oito euros con vinte céntimos (26.278,20) (IVE INCLUIDO).
2.- "MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS A OURAL" de data febreiro/2022 redactado polos Enxeñeiros de Camiños Dª Irene Fernández Prieto e D. José Enrique Cacicedo Herrero, cun presuposto xeral de trinta e dous mil cincocentos oitenta euros con vinte e cinco céntimos (*32.580,25)* (sen IVE) o que se engadirá seis mil oitocentos corenta e un euros con oitenta e cinco céntimos (6.841,85) de IVE e con un presuposto de execución por contrata de trinta e nove mil catrocentos vinte e dous euros con dez céntimos (39.422,10) (IVE INCLUIDO).
3.- "MANTENIMIENTO Y MEJORA DE ACCESOS A LAVANDEIRA Y A O BATÁN-MURIAS" de data febreiro/2022 redactado polos Enxeñeiros de Camiños Dª Irene Fernández Prieto e D. José Enrique Cacicedo Herrero, cun presuposto xeral de oito mil setecentos sesenta e sete euros con vinte e tres céntimos (*8.767,23)* (sen IVE) o que se engadirá mil oitocentos corenta e un euros con doce céntimos (1.841,12) de IVE e con un presuposto de execución por contrata de dez mil seiscentos oito euros con trinta e cinco céntimos (10.608,35) (IVE INCLUIDO).

**TERCEIRO.-** Ratificar a titularidade municipal dos terreos afectados polos proxectos xa citados, segundo informe do Arquitecto Técnico Municipal D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de data 23/02/22, e que aparecen incluídos en dito Plan e que son os seguintes:

| | RELACIÓN DE CAMINOS | LONXITUDE |
|---|---|---|



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 28

| | | |
|---|---|---|
| | ACCESOS EN POUSADA | |
| 1 | Acceso en Pousada 1. | 302 metros. |
| 2 | Acceso en Pousada 1. | 176 metros. |
| 3 | Acceso en Pousada 1. | 225 metros. |
| | ACCESOS A OURAL | |
| 1 | Accesos a Oural 1 | 500 metros |
| 2 | Accesos a Oural 2 | 265 metros |
| 3 | De Santa María Mayor a Oural | 1.065 metros |
| | ACCESOS A LAVANDEIRA Y BATÁN | |
| 1 | Acceso en Lavandeira | 280 metros |
| 2 | Acceso en O Batán-Murias | 200 metros |
| | | |

CUARTO.- Remitir certificación do presente acordo ao AGADER, para o seu coñecemento e efectos oportunos.
QUINTO.- Ratificar o presente acordo na primeira Xunta de Goberno Local que se celebre.
Mandao e asinao en Lourenzá a vinte e tres de febreiro do dous mil vinte e dous.

**ALTA SAF DEPENDENCIA DE DON MAGIN VALIÑA BOUSO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación de 17/03/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a D. MAGIN VALIÑA BOUSO, con D.N.I. nº ****1084V, con domicilio en Vilar núm. 7 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, da inclusión no programa de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 21-45 horas/mes das que vai pasar a percibir 12 horas/mes a través do sistema de dependencia, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de vinte e cinco euros con trinta e dous céntimos (25,32.-) ao mes, o que supón a 2,11 euros/hora segundo a súa capacidade económica.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a modificación do servizo de "Axuda no Fogar" a D. MAGIN VALIÑA BOUSO con unha intensidade de 12 horas/mes.

**ALTA SAF DEPENDENCIA DE Dª. JOSEFA VARELA DOCAMPO.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación de 14/03/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a Dª. JOSEFA VARELA DOCAMPO, con D.N.I. nº 8974R, con domicilio en Souto núm. 4 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, da inclusión no programa



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 28

de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 20-45 horas/mes das que vai pasar a percibir 40 horas/mes a través do sistema de dependencia, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de noventa e cinco euros con vinte céntimos (95,20.-) ao mes, o que supón a 2,38 euros/hora segundo a súa capacidade económica.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a modificación do servizo de "Axuda no Fogar" a Dª. JOSEFA VARELA DOCAMPO, con unha intensidade de 40 horas/mes.

**ALTA SAF DEPENDENCIA DE DON ALFREDO J.M. GAYOSO BAAMONDE**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello de data 17/03/22 relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. ALFREDO J.M. GAYOSO BAAMONDE con DNI. núm. 5214Z, con domicilio en Iglesia núm. 2 da Parroquia de Santo Tomé deste termo, a través do sistema de dependencia de 6 horas ao mes, a Xunta de Goberno, á vista da comunicación emitida pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia de D. ALFREDO J.M. GAYOSO BAAMONDE de 6 horas ao mes polo que deberá abonar trinta e nove euros con setenta e oito céntimos (39,78) mensualmente o que supón 6,63 euros/horas segundo a súa capacidade económica.

**AUMENTO HORAS SAF POLA DEPENDENCIA DE Dª. MARÍA RECALDE MARTÍNEZ.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación de 14/03/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a Dª. MARIA RECALDE MARTÍNEZ, con D.N.I. nº ****1550T, con domicilio en Llano núm. 3 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, da inclusión no programa de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 46-70 horas/mes das que vai pasar a percibir 60 horas/mes a través do sistema de dependencia, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de cento trinta e nove euros con oitenta céntimos (139,80.-) ao mes, o que supón a 2,33 euros/hora segundo a súa capacidade económica.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a modificación do servizo de "Axuda no Fogar" a Dª. MARIA RECALDE MARTÍNEZ, con unha intensidade de 60 horas/mes.


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 28

| BAIXA SAF URCENCIA LIBRE CONCORRENCIA DE D.JOSE MANUEL LÓPEZ VIGO. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto informe da Traballadora Social de data 18/03/22, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VIGO con D.N.I. nº ****2771V con domicilio en Machuco, núm. 7 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, por falecemento do beneficiario, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de D. José Manuel López Vigo.

| Expediente 135/2022. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO D. JOSÉ RICARDO MOIRÓN OTERO. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 381 de 07/03/22 subscrita por D. JOSÉ RICARDO MOIRÓN OTERO con D.N.I. núm. ****2727L con domicilio en Pontigo, núm. 9, da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Sendín, núm. 8, San Jorge, que antes figuraba a nome de D. Eladio Vidal Pérez e para que agora figure a nome de D. José Ricardo Moirón Otero en Sendín, núm. 8, San Jorge.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre do 2022.

| Expediente 158/2022. CAMBIO DE TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO D. JOSÉ ANTONIO RIVAS PEDREIRA | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 514 de 21/02/22 subscrita por D. JOSÉ ANTONIO RIVAS PEDREIRA con D.N.I. núm. ****2158L con domicilio en Arroxo, núm. 5, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Arroxo, núm. 6, (no Padrón de Lixo figura o número 5) Santa María, que antes figuraba a nome de D. José Antonio Rivas Pedreira con D.N.I. núm. ****1688T e para que agora figure a nome de D. José Antonio Rivas Pedreira con D.N.I. núm. ****2158L en Arroxo núm. 6, Sata María.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre do 2022.

**SOLICITUDE TARXETA ESTACIONAMENTO DE Dª. ILESIA SIXTO**



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 28

| IRIMIA. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude formulada por Dª. ILESIA SIXTO IRIMIA con DNI. nº ****7775A veciña de Mogo núm, 6 da Parroquia de Santa María deste termo, na que insta a tarxeta de estacionamento para minusvalidos e presenta copia da certificación do grao de discapacidade.
Visto o artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras no que se establece que nos aparcamentos que dan servizo aos edificios de uso público regulamentariamente establecerase o mínimo de prazas que deberán ser reservadas, debidamente sinalizadas, para o seu uso por persoas con mobilidade reducida, así como o seu emprazamento e accesos.
Visto o informe do Equipo de Valoración e Orientación da Sección de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social de data 31/01/22 no que sinala que se lle recoñece a Dª. Ilesia Irimia Sixto un Grao de discapacidade do 65.0%, recoñecéndose dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos con carácter definitivo.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:
Conceder a tarxeta de estacionamento para minusválidos a Dª. ILESIA SIXTO IRIMIA por cumprir os requisitos esixidos no artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras, con caracter definitivo.

| Expediente 140/2020. SOLICITUDE C.E.I.P. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o escrito presentado por D. V. Eduardo Iglesias Villar, Director do C.E.I.P. “Juan Rey” de Lourenzá en nome do Claustro do devandito Colexio, no que solicita unha axuda económica para sufragar os gastos de transporte para as viaxes culturais cos alumnos do Colexio durante o curso 2021/2022.
A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:
1º.- Conceder ao C.E.I.P. “Juan Rey” de Lourenzá unha axuda económica por importe de seiscentos euros (600,00), para o curso 2021/2022, para sufragar os gastos de transporte para as viaxes culturais cos alumnos do Colexio, debendo presentar declaración de non percibir outras axudas para este fin e en caso de recibilas, que a suma total non supere o 100% do orzamento total así como copia das facturas que xustifiquen dito gasto e os xustificantes de pago das mesmas.
2º.- Deberá constar na publicidade que se faiga das viaxes ou nas comunicacións que se fagan aos pais dos alumnos, que o Concello de Lourenzá colabora nas mesmas.
3º.- Notificar o presente acordo a D. Eduardo Iglesias Villar.



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 28

| **Expediente 164/2020. Contratacións.APROBACIÓN DE FACTURA E AUMENTOS DE OBRA "MELLORA DA NAVE PRINCIPAL DO RECINTO FEIRAL"** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista a factura núm. Emit 009 de data 10/03/2022, presentada por NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. con CIF. B36431021, con domicilio social en Ponte Taboada nº 43, de Silleda (Pontevedra) por un importe de tres mil seiscentos trinta euros (3.630,00) IVE incluído, e referente a aumentos da obra denominada “MELLORA DA NAVE PRINCIPAL DO RECINTO FEIRAL”, da que é adxudicatario por Resolución da Alcaldía de 11/03/2021.<br>Visto o informe do director das obras, o Arquitecto Técnico D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de data 10/02/2022 relativo a aumentos da obra polo mesmo importe. A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:<br>PRIMEIRO.- Aprobar os aumentos de obra presentados polo Director da mesma o Arquitecto Técnico, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, así como a factura núm. Emit 009 de data 10/03/2022, presentada por NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. con CIF. B36431021, por importe de tres mil seiscentos trinta euros (3.630,00) IVE incluído, e referente a aumentos da obra denominada “MELLORA DA NAVE PRINCIPAL DO RECINTO FEIRAL”<br>SEGUNDO.- Efectuar o pago por importe de tres mil seiscentos trinta euros (3.630,00) IVE incluído, á Empresa Nature Infraestructuras y Servicios S.L. con CIF B36431021, correspondente ao importe da factura núm. Emit 009 de data 10/03/2022. | |

| **Expediente 561/2017.LIQUIDACIÓN 1º SEMESTRE 2022 COFINANCIAMENTO CENTRO DE DÍA( GESTIONA 561/2017).** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Visto o escrito de data 24/02/2022, rexistrado de entrada co núm. 331 de 25/02/2022, achegado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e no que se comunica o importe correspondente á PRIMEIRA LIQUIDACIÓN SEMESTRAL/2022 do CENTRO DE DÍA, con núm. 192/2022,xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en réxime de cofinaciamento e segundo o cal ao Concello de Lourenzá corresponderíalle ingresar por dito período a cantidade de OITO MIL SETECENTOS CINCUENTA (8.750,00.-) EUROS (7 prazas a 1.250,00 €/praza) de conformidade co disposto no artigo 69 e Anexo I da Lei 2/2017 de 8 de febreiro (DOG. Núm. 28 de 09/02/17) de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. | |

Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 28

As sete(7) prazas corresponderían ós usuarios empadroados no concello onde se localiza o Centro de Día, tendo en conta a media de usuarios durante o ano natural inmediatamente anterior á data de liquidación. A cantidade de 1.250,00 Euros, correspondería coa metade da contía.
A Xunta de Goberno Local, unha vez informada pola Alcaldía e á vista da liquidación practicada polo Consorcio Galego, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión, ACORDA:
Primeiro.- Aprobar a Liquidación núm. 192/2022 correspondente ó cofinanciamento do PRIMEIRO SEMESTRE 2022 do Centro de Día do Concello de Lourenzá por importe de OITO MIL SETECENTOS CINCUENTA (8.750,00.) EUROS.
Segundo.- Achegar certificación do presente acordo ós servizos de Tesourería para que se proceda ó pago do mesmo así como ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co corresponde

**Expediente 22/2018. LIQUIDACIÓN R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACONES S.A.U. 3º TRIMESTRE 2021**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o escrito presentado o 16/03/22 con número de rexistro de entrada núm. 2022-E-RE-110 por D. Angel Luís Olabuenaga Burón con D.N.I. núm.****3818E, en representación de R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. con C.I.F. A-15.474.281 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Real núm. 85 de A Coruña, no que solicita que se practique a liquidación da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo polos ingresos brutos obtidos por servizos de telecomunicacións no municipio no terceiro trimestre do 2021 e que ascenden á cantidade de trece mil seiscentos sete euros con cincuenta e seis céntimos (13.607,56).
Visto que R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., foi adxudicatario da concesión administrativa para a prestación do servizo de telecomunicacións por cable nas demarcacións territoriais de Galicia e Santiago de Compostela.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
1º.- Aprobar a liquidación de Secretaría-Intervención da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio publico local do terceiro trimestre de 2021, segundo a cal deberá abonar cento noventa e nove euros con sesenta e un céntimos (199,61.-) o cal supón o 1,5% dos ingresos brutos que ascenden á cantidadetrece mil seiscentos sete euros con cincuenta e seis céntimos (13.607,56).
2º.- Notificar a R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., o presente acordo aos efectos de que proceda o abono da liquidación practicada.

**FACTURAS E CERTIFICACIÓNS.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|



Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 28

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. SSPT2244 de 01/03/22 | Domingos, festivos e Sábados dependencia(77 horas.) | 1.256,68 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. SSPT 2245 de 01/03/22 | Vacacións auxiliares(210 horas) | 3.046,68 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. SSPT2246 de 02/02/22 | Incidencias Dependencia (45,50 horas) | 698,20 |
| CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500-H | Núm. 415 de 10/03/2022 | Mes de Xaneiro 2022 | 12.035,73 |
| ESPINA Y DELFÍN ,S .L. CIF.B15026693 | Núm.S3981 de 09/03/2022 | Liquidación sobrecostes fangos 2º semestre 2021, | 3.442,80 |
| **TOTAL** | | | **20.480,09** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**




Cod. Validación: 655EGFTAJRTYZSF7DT5HNGKKJ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 28